

CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES DE ALUMNOS DA FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)*, **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* formalizou coa **Universidade de Santiago de compostela** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o **2 de marzo de 2017** ata o **2 de marzo de 2021**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas dos alumnos nas instalacións da Axencia Galega das Industrias Culturais, así como para aportar os seus expertos para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fora precisa. As prácticas poderán ser:

- **Curriculares**, contempladas nos plans de estudos.
- **Prácticas conducentes á elaboración dos Traballos Fin de Grao / Traballos Fin de Máster**, segundo se contempla nos plans de estudos e demais normativa de aplicación.


O convenio fixa os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Agadic e a Universidade de Santiago consideran necesario un maior acercamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ó mesmo tempo a mellor cualificación e Inserción no ámbito laboral.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

(asinado dixitalmente)

